
TRÍPTICO

Texto de ANTONI MARÍ

Tradución de XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS

Ilustracións de ANXO PASTOR

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 160 páx. 14 €


ISBN 978-84-15250-43-2. Faktoría K de Libros. Tambo.

*Doce, clara e sen vento vén a noite
como unha gasa clara que esborrexe,
unha chuvia de sombras instalándose,
a deter os camiños e as comarcas,
os contornos inmóbiles do espello...*

Editado en linguas como o alemán, o italiano, o francés, o portugués e o castelán, Antoni Marí insire a súa poesía na recuperación da experiencia vivida. Desde aí, nos dominios do seu eu persoal, convida a cada lector a percorrer finalmente a vía interior que lle é propia.

TRÍPTICO reúne, en edición bilingüe catalán-galego, unha terna de poemarios -'Preludio', 'Unha viaxe de inverno' e 'O deserto'- publicados entre 1979 e 1997. En conxunto, 32 composicións nas que a memoria, os sentimentos e a pulsión existencial marcan o devir dos versos, adobiados con fragmentos de clásicos como Dante, figuras contemporáneas como T.S. Eliot, ou mesmo autores cataláns como Carles Riba ou Josep Vicenç Foix.

Faktoría K retoma o ronsel literario iniciado pola colección de poesía Tambo, que interrompera a súa actividade en 2006 despois de máis de trinta entregas. Daquela -e tamén con Luís Rei Núñez como coordinador- saíron do prelo obras de escritores como Carlos Oroza, Ramiro Fonte, Estíbaliz Espinosa, Antón Patiño, Román Raña, Manuel Romón, Elvira Riveiro, Xavier Seoane ou Cecilio Muñoz. Na ilustración das portadas colaboraron artistas como Menchu Lamas, Xosé Freixanes, Berta Cáccamo, Marta Armada ou Antón Lamazares. Nesta nova etapa que inauguraron "Os ángulos da brasa" de Manuel Álvarez Torneiro e a antoloxía de poetas vascos "Alén da fronteira", Tambo ábrese a autores doutras linguas, traducidos directamente para o galego.



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo, "Alén da fronteira", que recompila a obra de sete poetas vascos, e "Os ángulos da brasa", de Manuel Álvarez Torneiro.

Antoni Marí

(Eivisa, 1944)

É catedrático de Teoría da Arte na Universidade Pompeu Fabra e, na actualidade, unha das voces máis destacadas da escena poética europea e peninsular. Entre outros, publicou os ensaios *L'home de geni* (1984), *La voluntat expressiva* (1988), *Formes de l'individualisme* (1994) ou *La vita dels sentits* (2004); en narrativa, *El vas de plata* (1991, Premio Cidade de Barcelona e Serra d'Or), *El camí de Vicennes* (1995, Premios Prudenci Bertrana e Serra d'Or) e *Entspringen* (2000). Como poeta, deu ao prelo o ciclo en tres movementos *El preludi* (1979), *Un viatge d'hivern* (1989, Premio da Crítica Española) e *El desert* (1997, Premio El Caballo Verde para la Poesía), reunidos posteriormente en *Tríptic des Jondal* (2003), publicado en galego por TAMBO.